

A Xunta licita as obras de construción da nova depuradora de Sergude

Augas de Galicia sacou a licitación as obras de execución da nova Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Sergude. O orzamento previsto para este proxecto supera os 1,8 millóns de euros e o prazo de execución é dun total de doce meses. As empresas interesadas deberán presentar as ofertas a través da plataforma de contratos públicos da Xunta de Galicia antes do 23 de xullo.

Esta nova EDAR, que se localizará nos terreos contiguos á actual depuradora, disporá do triple de capacidade. Así, tanto a propia infraestrutura como os distintos sistemas de bombeo darán cobertura para ata 3.000 persoas.

A nova EDAR de Sergude contará cunha primeira

estrutura de pretratamento da auga, separando en tres contedores diferentes os residuos sólidos, as graxas e as areas. Tras este proceso sitúase o tratamento biolóxico, cunha capacidade media de 44 metros cúbicos de auga á hora, aínda que tamén pode tratar un pico de ata 81 metros cúbicos. En caso de chuvias torrenciais que superen este caudal, o exceso enviarase a un depósito de retención ou tanque de tormentas.

O tratamento biolóxico estará conformado por un sistema de lodos activados por aireación prolongada en baixa carga, que contarán con dous axitadores para a produción de osíxeno. O seguinte proceso será o da decantación secundaria, integrada por dúas liñas,



A futura EDAR de Sergude construírse xusto a carón da actual depuradora

onde os lodos separaranse por gravidade a un pozo de bombea para a súa posterior deshidratación.

O proxecto desta nova infraestrutura, cuxos terreos foron visitados o pasado mes de agosto -intre ao que pertence a imaxe desta nova-, inscríbese no

marco do convenio de colaboración asinado por Augas de Galicia co Concello de Boqueixón. As actuacións contan co cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

Contratados catro proxectos de obras con cargo ao POS e PAI

A mesa de contratación do Concello de Boqueixón formalizou a aprobación dun total de catro proxectos incluídos tanto no POS 2019 como no PAI. O importe de contratación das distintas actuacións supera os 435.000 euros.

A través desta contratación acometeranse preto dunha trintena de obras, a maioría de mellora de estradas e pistas municipais.

Así, o POS 2019 inclúe a mellora do firme do viario de Noente a Sucira e tamén a ampliación do saneamento en Gastrar, así como a mellora do firme viario en asfalto dende a Igrexa de Pousada á estrada AC-960; en Ardilleiro Grande e en A Pena. Neste caso, o importe de contratación ascende a preto de 107.000 euros.

No caso do POS Com-

plementario prevese o aglomerado da estrada de Vigo á AC-261. Tamén se inclúen na partida de máis de 165.000 euros os asfaltados dos viais de Rubido a Zaramacedo, de Gastrar por Igrexa ata o límite municipal con Touro e da pista en Zanca Nova (en Gastrar).

Xa dentro do PAI, e por preto de 164.000 euros, inclúense un total de de-

zaseis actuacións de acondicionamento en distintos viais. Tres delas prevén o aglomerado na pista de Ardesende a Engas, a da Casa da Cultura de Camporrapado e a do núcleo de Deseiro de Abaixo. O resto de proxectos prevén a aplicación de asfaltados en distintos viais municipais das parroquias de Sergude, Lestedo, Oural, Loureda e Lamas.

A OMIX pon en marcha unha nova edición do plan de voluntariado xuvenil

A Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) do Concello de Boqueixón vén de poñer en marcha unha nova edición do seu programa de voluntariado. Esta iniciativa está dirixida á mocidade de entre 16 e 30 anos, presentándose como unha oportunidade para aprender e adquirir experiencias de cara ao seu futuro laboral.

Entre as actividades que realizarán as persoas voluntarias inscritas neste programa municipal atópanse iniciativas como atención a peregrinos, dinamización sociocultural, accións ambientais, apoio escolar, acompañamento de persoas maiores, ou recuperación patrimonial, entre outras.

Ademais, as persoas voluntarias contarán con formación, seguro de accidentes e de Responsabilidade Civil. Terán tamén cubertos todos os gastos derivados de desprazamento e manutención.

As mozas e mozos que teñan interese en sumarse a esta iniciativa deberán formalizar a súa inscrición a través do teléfono 981 513 115 ou no correo electrónico omixboqueixon@gmail.com

Tamén poderán utilizar estes mesmos datos de contacto para obter máis información sobre este programa de voluntariado municipal.

Os mercados dominicais reinician a súa actividade coas medidas de prevención contra a COVID-19



Visitantes á feira dominical de Lestedo despois recuperar a súa actividade tras a chegada da nova normalidade

As feiras dominicais de Lestedo (primeiro e terceiro domingo de mes) e Rodiño (segundo domingo) retomaron a súa actividade. Coa chegada da nova normalidade, os mercados municipais incorporaron xa todo tipo de postos, tanto agroalimentarios como de téxtil e calzado.

Co fin de garantir que as feiras sexan espazos seguros estanse a aplicar os protocolos de prevención contra a COVID-19 necesarios. Así, dende o Concello de Boqueixón establecéronse unha serie de medidas que deberán seguir tanto comerciantes coma clientela.

Unha das máis salientables é o establecemento dunha distancia lateral dun mínimo de 1,5 metros

entre os distintos postos de venda. Así mesmo, a distancia frontal supera os seis metros, de xeito que as persoas que acudan aos mercados dominicais municipais poidan circular mantendo as distancias de seguridade.

Distancia de seguridade

Tamén é obrigatorio manter unha distancia de seguridade de metro e medio entre vendedores e compradores. Do mesmo xeito, as persoas que acudan a estas feiras deberán usar a máscara sempre e cando non se poida manter a distancia de seguridade interpersoal recomendada polas autoridades sanitarias.

Na procura de garantir a venda de produtos, os

postos agroalimentarios xa contan con mamparas e outras medidas de seguridade dispoñibles para a clientela. No caso dos expositores de téxtil e calzado, as persoas comerciantes contarán con xeles de mans no caso de ter que manipular directamente o produtos, algo que se recomenda evitar, de non ser estritamente necesario.

A colaboración da poboación resulta fundamental á hora de facer dos mercados municipais espazos seguros. Dende o Concello de Boqueixón lémbrese a veciñanza e visitantes importancia de manter as distancias de seguridade, usar xeles hidroalcohólicos e, de ser preciso, utilizar luvas.

A piscina municipal dá comezo á tempada con redución de aforo

A piscina municipal iniciou a tempada estival aplicando unha redución do aforo na lámina de auga do 50%, así como outras medidas de prevención contra a COVID-19. Entre elas tamén se atopa a parcelación da zona de solarium para garantir a distancia de seguridade.

Habilitáronse tamén varios stands con xel de mans na entrada e na saída. O acceso ás instalacións realízase de xeito individual, con mascarilla, evitando acudir en grupos e sempre mantendo a distancia persoal de seguridade.

As instalacións localizadas en O Forte permanecerán abertas ao público ata o

vindeiro 6 de setembro en horario de 15.00 a 21.00 horas, de luns a domingo. En caso de mal tempo, a piscina estará pechada.

Os prezos dos bonos de 20 entradas son de 6 € (para menores ata 16 anos), e de 12 €, para maiores de 16. A adquisición dos mesmos deberase realizar nas propias instalacións. Ofrécese diferentes opcións de abonos familiares. O pago realízase obrigatoriamente mediante abono bancario á conta ES68 2080 0320 2531 1000 0666 e presentando o correspondente resguardo.

Máis información, no teléfono 636 731 721.



Vista da parcelación da zona de solarium habilitada na piscina municipal



Noites de Cine
22.30 HORAS

11 **Los futbolísimos** (Comedia de aventuras)
Carballeira de Rodiño
Tódolos públicos

8 **SuperLópez** (Comedia)
Campo do Río de Ponte Ledesma
Tódolos públicos

14 **A galiña Turuleca**
Campo da Feira de Lestedo
Infantil

15 **Copito de neve**
Campo da Festa de Oural
Infantil

Coroñela de Regueiras Deputación DA CORUÑA

Boqueixón ofrecerá 'Noites de Cine' en xullo e agosto

As *Noites de Cine* regresan este verán a Boqueixón. O programa, desenvolvido co apoio da Deputación da Coruña, levará a proxección de filmes a distintas parro-

quias. O ciclo comezará o vindeiro 11 de xullo con *Los Futbolísimos* ás 22.30 horas na Carballeira de Rodiño. A seguinte sesión será o 8 de agosto en Ponte Ledesma.

Éxito da Andaina Histórica por Gastrar, Vigo e Loureda

As parroquias de Gastrar, Vigo e Loureda acolleron unha iniciativa cultural moi especial. Da man de Severino Fernández Abal, autor da obra *Unha matanza esquecida*, preto de medio cento de veciños e veciñas puideron percorrer os lu-

gares nos que se localiza a trama deste libro (Gastrar, Vigo e Loureda).

O roteiro, organizado polo Club de Lectura da Librería Lino de Lestedo en colaboración co Concello, contou cunha boa acollida por parte da veciñanza.



A actividade foi promovida polo Clube de Lectura da Librería Lino de Lestedo

Arranca o programa Verán Activo con estritos protocolos de seguridade pola COVID-19

O Concello de Boqueixón vén de poñer en marcha o Verán Activo, que nesta primeira quincena conta con 33 participantes. O programa de conciliación incorpora estritos protocolos de seguridade e de prevención contra a COVID-19.

Así, establécense un total de 5 grupos reducidos dun mínimo de 6 e un máximo de 8 nenas e nenos que desenvolverán as actividades en espazos independentes.

Cada grupo dispón dunha aula de referencia, baños e lavabos de uso exclusivo, que se atopan debidamente sinalizados.

Todo o equipo de monitores e monitoras e persoas voluntarias superaron uns cursos de formación específica en materia de prevención da COVID-19. Ademais, están equipados coas súas correspondentes EPIS e contan cunha persoa responsable en base á COVID-19.



As actividades desenvólvense en grupos e en espazos diferentes



Cativos e cativas participantes nas sesións do programa Verán Activo

AXENDA DO MES DE XULLO

Mércores
1

Verán Activo e cursos estivais

O Forte
09.00 a 14.00 horas
Programa de conciliación familiar estival.
Dirixido a escolares de Educación Infantil e Primaria.

Sábado
11

Noites de Cine: Proxección de 'Los futbolísimos'

Carballeira de Rodiño
22.00 horas
Entrada de balde
Comedia de aventuras apta para tódolos públicos, especialmente o infantil.
Colabora: Deputación Coruña.

Xoves
23

'Congreso, ASTRONOMÍA nas RUTAS XACOBEAS'

Pico Sacro
22.30 horas
Entrada de balde
Charla sobre Exoplanetas e observación.
Inscripcións, no Departamento de Cultura de Boqueixón.

Luns
3

Verán Activo

O Forte
09.00 a 14.00 horas
Comezo da quenda de agosto do programa de conciliación estival. Dirixido a nenos e nenas de Educación Infantil e Primaria.

Sábado
8

Noites de Cine: Proxección de 'SuperLópez'

Campo do Río de Ponte Ledesma
22.30 horas
Entrada de balde
Comedia para tódolos públicos.
Colabora: Deputación da provincia de A Coruña.

Martes
11

'Congreso, ASTRONOMÍA nas RUTAS XACOBEAS'

Pico Sacro

Actividade promovida por Turismo de Galicia, Xacobeo 2021, USC e Observatorio Astronómico Ramón M^a Aller.

e en agosto...

Venres
14

Noite de Cine: Proxección de 'A galiña Turuleca'

Campo da Feira de Lestedo
22.30 horas
Entrada de balde
Infantil.
Colabora: Deputación da provincia de A Coruña.

Sábado
15

Noites de Cine: Proxección de 'Copito de neve'

Campo da Festa de Oural
22.30 horas
Entrada de balde
Infantil.
Colabora: Deputación da provincia de A Coruña.

Máis información e inscricións:

Centraliña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

CIM: 981 513 061
cim@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com